



## AXUDA COORDINADA CO CONCELLO PARA A FACILITACIÓN DO MATERIAL EDUCATIVO DO ALUMNADO SITO NAS AULAS:

Dadas as circunstancias de prórroga do estado de alarma polo COVID-19, **a partir do vindeiro mércores 15 de abril, o centro educativo, en coordinación co Concello de Boborás, facilitará o material educativo do alumnado que quedou nas clases** baixo os principios de obxectividade, igualdade e non discriminación.

Será unha entrega ordenada e baixo solicitude de cada familia, na que Protección Civil poderá acercar este material coas medidas de protección estandarizadas oficialmente para garantir a adecuación da medida e a seguridade de toda a comunidade.

**As solicitudes poderán facerse, a partir do xoves 9 de abril, deixando constancia delas a través das seguintes formas:**

- Correo electrónico do centro: [ceip.nosasehora.xuencos@edu.xunta.es](mailto:ceip.nosasehora.xuencos@edu.xunta.es)
- Whatsapp do centro: 626 336 107

A presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento dos datos mínimos necesarios (direccións dos domicilios e teléfonos de contacto) para facer a entrega, por parte de Protección Civil. En caso de cambio de domicilio pola situación de confinamento, deberá informarse do cambio na propia solicitude. Non se facilitará o material doutro xeito, por estar prohibido no estado actual de alarma.

Cabe destacar que o material educativo como os libros de texto, non son o currículo educativo oficial do Estado, senón unha ferramenta máis do currículo. Atendendo ás recomendación actuais da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, **recomendamos utilizalos para repaso de contidos** dados ata a data do estado de alarma, non para avanzar en contidos novos. O centro educativo non se fai responsable de calquera outro uso que poidan facer as familias, fora do currículo educativo oficial da Xunta de Galicia.

Por último. lembramos, especialmente a aquel alumnado que debe entregar os libros de texto ao finalizar o curso escolar, a importancia do coidado dos mesmos no seu uso cotiá.

Boborás, a 7 de abril de 2020

O director

Javier Álvarez

